


1-7 XULLO, 2024

un mar de contos por toda Galicia

SANTIAGO DE COMPOSTELA | FERROL | TEO
A CORUÑA | ALFOZ | A ESTRADA | A POBRA DO CARAMIÑAL
BETANZOS | BRIÓN | CALDAS DE REIS | CUNTIS | CHANTADA | DODRO
LOBIOS | MEAUS | MUGARDOS | OUTES | OURENSE | PALAS DE REI
PAZOS DE BORBÉN | RIBEIRA | ROIS | SANXENXO | VIGO | VILALBA
E EN PORTUGAL: CAMPO DE GERÊS | FAFIÃO | PARADELA DO RÍO
PITÕES DAS JÚNIAS E VILANOVA (FERRAL)



AT
LÁN
TICA
festival
internacional de
narración oral

XUNTA
DE GALICIA

Deputación
DA CORUÑA

O XII FESTIVAL ATLÁNTICA PROGRAMA EN SANTIAGO UNHA VINTENA DE PROPOSTAS ENTRE O 1 E O 6 DE XULLO

- 24 planes diferentes gratuítos que inclúen contos, música, andainas, unha ruta en bicicleta, un documental e un obradoiro
- A función inaugural será ‘Pisando el llano’ de La Chana Teatro que tamén representará ‘Blancanieves’, premio Max 2023 ao mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar
- Xunto á portuguesa Ana Sofia Paiva e o xaponés Yoshi Hioki estarán ‘clásicos’ de Atlántica como Paula Carballeira, Vero Rilo, Cris de Caldas, Paco Nogueiras ou Raquel Queizás, entre outros
- Protagonismo de la fusión de música e contos cos espectáculos ‘Contos de revolución: entre Brassens e Neira Vilas’, de Dani Blanco e Zé Pumar, e ‘Patios de luz’ de Su Garrido Pombo
- A programación completa pódese consultar na web festivalatlantica.gal



Artistas que actuarán en Santiago durante Atlántica 2024

Santiago, 27 de xuño do 2024.- O Festival Atlántica ultima os preparativos para desembarcar en Santiago de Compostela e a súa bisbarra cun intenso programa que desenvolverá 24

actividades gratuítas entre os días 1 e 6 de xullo. A descentralización é unha das marcas do veterano encontro en Compostela, con funcións urbanas que conviven coa aposta decidida por barrios, lugares e parroquias do extenso rural do concello. Boa parte das propostas son de narración oral, pero haberá tamén espectáculos que mesturen contos e música, e actividades mais diversas como andainas e mesmo a proxección dun documental e un obradoiro de memoria.

O espectáculo inaugural da edición deste ano vai ser o unipersoal ***Pisando el llano*** da compañía salmantina **La Chana Teatro** que tamén levará ata ao Teatro Principal ***Blancanieves***, unha obra multipremiada que no 2023 acadou o Max ao mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar. Tamén de fóra de Galicia serán as historias da portuguesa **Ana Sofia Paiva** e do xaponés **Yoshi Hioki**, ambos os dous con propostas para público familiar e adulto.

Mais a gran maioría do programa recae sobre artistas da narración galega: **Paula Carballeira, Raquel Queizás, Inacio Vilariño, Vero Rilo, Inma Soto, Iseo Agilda e Pablísimo**. Haberá tamén funcións con música que chegarán da man de **Luís Prego e Samuel Soto, Cris de Caldas e Xabi do Camiño e Paco Nogueiras**. Mención aparte merecen a estrea o venres 5 de ***Contos de revolución: entre Brassens e Neira Vilas***, de **Dani Blanco e Zé Pumar**, e a clausura en Compostela con **Su Garrido Pombo e Patios de luz** na explanada da Colexiata de Sar o sábado 6.

Propostas diversas

O público máis activo terá este ano a posibilidade de gozar de dúas andainas, unha nocturna polos **petróglifos da Devesa da Rula** guiada polo Colectivo A Rula e que xa esgotou as súas prazas, e outra diúrna polo **románico do rural da igrexa de Santa María de Figueiras**. Outra proposta é coñecer os **castros da bisbarra nunha ruta en bicicleta** na que colabora a Gentalha do Pichel. Pechan o apartado de actividades diversas o obradoiro ***Memoria e relato dos obxectos*** a cargo de **Alba Grande** e a proxección do documental ***Caneliñas***, de **Paula Castiñeiras e María González**, no Museo do Pobo Galego

No tocante ao veciño **concello de Teo**, poderá gozar tamén de Atlántica entre os días 3 e 6 de xullo cunha variada programación para a cativada con funcións de **Yoshi Hioki e Vero Rilo**. Ademais o público adulto terá a sorte de presenciar a estrea de ***Contar para vivilo*** de **Cándido Pazó** e os ***Contos e cantos da Baleanorte*** de **Lidia Luna** acompañada de **Ugía Pedreira**.

Toda Galicia... e Portugal

Ademais, o 3 de xullo marcará o inicio do festival en boa parte das 25 sedes espalladas por toda Galicia. Este ano participan en Atlántica, alén de Santiago e Teo, os concellos de Ferrol, A Coruña, A Estrada, A Pobra do Caramiñal, Alfoz, Betanzos, Brión, Caldas de Reis, Chantada, Cuntis, Dodro, Lobios, Meaus, Mugardos, Ourense, Outes, Palas de Rei, Pazos de Borbén, Ribeira, Rois, Sanxenxo, Vigo e Vilalba. A esta extensa actividade cómpre engadir a programación de Portugal que levará trece propostas a cinco sedes diferentes, reafirmando o carácter transfronteirizo do encontro.

O XII Festival Atlántica é posible grazas ao patrocinio da Xunta de Cultura e da Deputación da Coruña e ao apoio dos concellos de Santiago de Compostela, Ferrol, Teo, Alfoz, Caldas de Reis, Dodro, Mugardos, Outes, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Sanxenxo e Vilalba. A programación actualizada pódese consultar na web festivalatlantica.gal.

Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlanticista. Mantén o seu obxectivo de indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural do Atlántico. Traballa a prol da posta en valor dunha arte escénica vinculada ao territorio, antiga pero adaptada aos tempos, e ampara, xera e difunde unha narrativa integradora, igualitaria e sostible.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/Atlantica2024>

CONTACTO PRENSA: Bea Pérez | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

PROGRAMACIÓN ATLÁNTICA 2024

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Luns 1 de xullo

11.00 h - PRENDE NO COLO de Luís Prego e Samuel Soto (Galicia)
CSC Maruxa e Coralia (salón)
Bebés de 12 meses a 3 anos | Galego

12.00 h - A MALETA DA AVOA de Raquel Queizás (Galicia)
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia
Público infantil e familiar (+3 anos) | Galego

21.00 h - PISANDO EL LLANO de Jaime Santos - La Chana Teatro (Salamanca)
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia
Adultos | Castelán

Martes 2 de xullo

12.00 h - A GRANDEZA DO PEQUENO de Iseo Agilda (Galicia)
CSC Santa Marta
Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

12.00 h - CONTOS DE SAPOS, BRUXAS E CURUXAS de Paula Carballeira (Galicia)
Xardíns CSC Maruxa e Coralia
Público familiar (+5 anos) | Galego

19.00 h - BLANCANIEVES (Premio Max 2023 Mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar)
Jaime Santos - La Chana Teatro (Salamanca)
Teatro Principal | Retirada convites na Zona C (máx 4 por persoa)
Público familiar (+5 anos) | Castelán

21.00 h - CAMIÑOS DE MAR, TERRA E VENTO de Paula Carballeira (Galicia)
Xardíns CSC Maruxa e Coralia
Adultos | Galego

21.30 h ANDAINA NOCTURNA POLA PORTELA DE VILLESTRO
Prazas: 25 | Duración: 2-3 h | Público adulto
Punto encontro: Aparcadoiro do campo de fútbol de Villestro
Inscripción: https://Andaina_Nocturna_Villestro.eventbrite.es | **PRAZAS ESGOTADAS**

Mércores 3 de xullo

11.00 h - MEMORIA E RELATO DOS OBXECTOS | Obradoiro de memoria | Alba Grande (Galicia)
CSC da Almaciga | Prazas: 15 | Cómpre traer un obxecto que colla nun bolso
Adultos | Galego

Inscripción: https://Obradoiro_Memoria_Obxeitos.eventbrite.es

12.00 h - COMERÁ O BEBÉ? De Cris de Caldas e Xabi do Camiño (Galicia)
CSC Maruxa e Coralia
Bebés de 12 meses a 3 anos | Galego

21.00 h - CONTOS, CANTOS E OUTROS TANTOS de Ana Sofía Paiva (Portugal)
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia
Adultos | Portugués

Xoves 4 de xullo

11.30 h - A PRINCESA ANZÚ E OS CATRO IRMÁNS NINJA de Yoshi Hioki (Xapón)
CSC Fontiñas
Público familiar (+5 anos) | Castelán

12.00 h – BURROMAQUIA de Inacio Vilariño (Galicia)
CSC A Gracia
Público infantil e familiar (+4 anos) | Galego

19.00 h - ENTRE O BEN E O MAL, ENTRE O CEO E A TERRA. DESCIFRANDO O CÓDIGO DE SANTA
María de Figueiras e Carola Casal (Galicia)
Visita narrada na igrexa de Santa María de Figueiras
Adultos | Galego | Acceso libre ata completar o aforo

21.00 h - CONTOS DE XAPÓN de Yoshi Hioki (Xapón)
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia
Adultos | Castelán

Venres 5 de xullo

12.00 h - E A TI QUE CHE CONTABAN? De Vero Rilo (Galicia)
CSC Aurelio Aguirre
Rapazada do campamento e público xeral (+8 anos)

12.00 h - XELA A SÚPER HEROÍNA DE ALDEA de Inma Soto (Galicia)
CSC Figueiras
Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

12.00 h – CABICIVAI de Pablísimo (Galicia)
CSC Nemenzo
Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

19.00 h - CANELIÑAS, A COSTA DAS BALEAS [DOCUMENTAL] de Paula Castiñeira e María
González.
Museo do Pobo Galego | Entrada libre ata completar aforo
Adultos | Galego

19,30 h - CONTOS, CANTOS E OUTROS TANTOS de Ana Sofía Paiva (Portugal)
Gentalha do Pichel [R/ Santa Clara 21]
Publico familiar (+3 anos) | Portugués

21.00 h - CONTOS DE REVOLUCIÓN: ENTRE BRASSENS E NEIRA VILAS de Dani Blanco e Zé
Pumar (Galicia)

Xardíns do CSC Maruxa e Coralia
Adultos | Narración en galego e música en francés

Sábado 6 de xullo

11.00 h - DE CASTRO A CASTRO. CASTROS DE PROXIMIDADE
Roteiro en bicicleta de montaña (gravel ou similar)
Guía: Gentalha do Pichel (Comisión de Historia)
Prazas: 15 | Recorrido: 12-15 km | Dificultade: media
Punto de encontro: Miradoiro do parque de Carlomagno (Barrio das Fontiñas)
Inscripción: <https://Castros Biciqueta Pichel.eventbrite.es>

12.00 h - C@NTO CONTIGO de Paco Nogueiras (Galicia)
Museo do Pobo Galego
Público infantil e familiar (+3 anos) | Galego

21.00 h - PATIOS DE LUZ de Su Garrido Pombo (Galicia)
Público adulto | Galego
Explanada da Colexiata de Sar

TEO

Mércores 3 de xullo
12.00 h - CONTOS DE XAPÓN de Yoshi Hioki (Xapón)
Parque dos Tilos
Campamento de verán e público aberto (+8 anos) | Castelán

Xoves 4 de xullo
12.00 h - ELAS de Vero Rilo (Galicia)
Parque dos Tilos
Campamento de verán e público aberto (3-8 anos) | Galego

Venres 5 de xullo
21.30 h - CONTAR PARA VIVILO de Cándido Pazó (Galicia)
Antiga Escola de Nenas de Agoso-Oza
Público adulto | Galego

Sábado 6 de xullo
20.30 h - CONTOS E CANTOS DA BALEANORTE de Lidia Luna (Galicia) coa colaboración de Ugía Pedreira (Galicia)
Parque infantil Carballeira de Cornide
Público adulto | Galego